



Manuel Darriba (Sarria, 1973) é narrador, poeta e guionista. Licenciado en Xornalismo e Filosofía; en medios impresos de ámbito galego e estatal exerceu durante anos unha actividade xornalística pola que recibiu un bo número de galardóns. Posteriormente fundou e dirixiu unha empresa editora de revistas técnicas, e dende o 2011 dedícase en exclusiva á escrita.

Debutou na poesía en 1997, e a *Calor* seguiuille en 2006 *Vostede non sabe con quen está a falar*, galardoado co Premio Espiral Maior. En 2010 *Os indios deixaron os verdes prados* faise co Premio González Garcés e, finalmente, *Santa morte* ve a luz hai só uns meses. Darriba é igualmente autor das novelas *O bosque é grande e profundo* –nomeada ao Premio de Novela Europea Casino de Santiago– *Velada do billarista* –galardoada co Lueiro Rey– e mais *Accidental*, as tres tamén vertidas ao castelán. Ademais, outros cinco títulos –dirixidos ao público adulto, xuvenil ou infantil– completan unha bibliografía en prosa que o pasado ano culminou co volume de relatos *Elefante* (2018). Para rematar, como guionista ten escrito para unha chea de programas e series da TVG como *Serramoura*, *O Faro*, *Malo será!*, *Land Rober Tunai Show*, *Fontalba*, *Vidago Palace*, *A estiba*, *O sabor das margaridas*, etc. Ademais, o máis recente dos tres filmes documentais que dirixiu –*Pacios. As fotos da memoria*– exhibiuse xa en festivais de Europa e América e pode verse íntegro na rede.

FICCIÓN

*o país do acio de cadáveres
esperta como un día calquera
a textura do ceo é igual
os intercambios da xente que sae
a leve imprecisión dos xardíns
todo igual*

*pero a terra estércana os corpos
quedan uns minutos como restos de batallas
logo alguén xestionará a recollida
a terra do lugar brandamente se abre
os paxaros persisten
non mudou a textura das nubes e a paleta cromática
do ceo, do aire: non renxe*

*que sería, se non, este mundo normal
de saúdos coa cabeza, sorrisos
e a música de fondo das máquinas
que esculpen os xardíns?*

*carriños atravesan as beirarrúas
de textura brillante: debaixo hai moito sitio
para os mortos*

e todos vostedes, descansan



(MANUEL
DARRIBA)

Luns 25 de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰¹⁹

Dan Coman





Nado en 1975 na localidade transilvana de Gersa, **Dan Coman** estase a converter nun dos principais representantes da poesía romanesa contemporánea.

O seu primeiro libro saíu publicado en 2003 baixo o título de *O ano da toupa amarela* (cunha segunda edición en 2004), e axiña resultou galardoado co Premio de debut da Unión de Escritores da Romanía e mais co Premio Nacional de Poesía Mihai Eminescu Ópera Prima. Tras este comezo fulgurante, viñeron outros exitosos poemarios coma *Ghinga* (2005), *O dicionario Mara* (2009), *A parroquia* (2012) ou *O matrimonio* (2015). A eles sumouse en 2017 *O insectario Coman*, último libro de poemas até a data, que vén de ser traducido ao castelán por Elena Borrás para a editorial La Bella Varsovia (2019). Existen tamén dúas antoloxías do seu traballo, con poemas reunidos baixo os títulos *d great coman* (2007) e *ERG* (2012). Así mesmo, Coman é autor da obra en prosa *Irresistible* (2010).

Poemas seus foron traducidos ao castelán, inglés, esloveno, húngaro, francés, serbio, sueco e alemán. Recibiu ademais numerosos premios, entre os que salientan o Premio Radio Romanía Cultural ou o Vilenica Crystal Prize de Eslovenia. Dende o ano 2008 é un dos organizadores do Festival de Poesía e Música de Cámara "Poezia e la Bistrița" [*A poesía está en Bistrița*].

A PLANTA PORNO

*esta mente hiperdisciplinada, e por iso
sempre un paso por diante de min,
en menos de 40 anos estendeuse coma un fungo sobre
todas as demais partes do corpo.
bloqueou as tazas de café, esmagou os cigarros nos
petos, controlou no sangue
calquera manifestación da alegría.
unha cabeza grande e baleira,
chea tan só de frío e falta de memoria.
resistín ao amor, á intelixencia e á moral.
fixen fronte a todas as emocións,
ao talento e á constante presión do ventre.
agora a miña mente é unha enorme planta porno chegada
á madurez
sobrevivindo ela soa
nun organismo devastado.*

←
(DAN
COMAN)

Luns 25 de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰¹⁹

Manuel Darriba



CORUÑA
PRÓXIMA